

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 2/03/2017, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Sentenza firme do Xulgado Contencioso Administrativo número 3.-
- 4º.- Expediente Plan Provincial de Medio Ambiente 2016.--
- 5º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **2/03/2017** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 16 de Febreiro de 2017 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

A BELA FISTERRA S.L. con CIF B-70482286 e domicilio social na Rúa da Flor, 25 - 2º (C.P.15270) da Vila de Cee, para proceder á construción dunha Edificación para uso Hoteleiro a emprazar nunha parcela sita na localidade de Escaselas (núcleo urbano de San Roque-Anchoa-

Escaselas) Parroquia de San Martiño de Duio (Referencia Catastral 8625708MH7582N0001XH) debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico redactado por CreuseCarrasco Arquitectos de data Decembro 2016 que consta no expediente ; condicionada a que :

- Antes do inicio das obras deberáse dar cumprimento do disposto na Orde do 3 de Setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder levar a cabo as mesmas inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do Proxecto do Edificio.-

- Este inicio deberá comunicarse ao Concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente Licenza xa que o seu incumprimento determinará expediente de declaración de caducidade segundo o Artigo 145 da Lei 2/2016 do 10 de Febreiro do Solo de Galicia.-

- O estudio xeotécnico debese acometer na fase inicial de Proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada o que deberá acreditarse antes ou simultaneamente á solicitude de primeira utilización da edificación.-

Coa finalidade de garantir a realización da urbanización será necesario a presentación dun aval bancario ou depositar na Conta da Corporación o importe da mesma; dito importe, en aplicación da Ordenanza reguladora e tendo en conta o prezo establecido en bases de construción axustados ao mercado é de Tres mil setecentos setenta e seis euros (3.776,00 €), dita darantia será devolta cando a obra de Hotel e urbanización estea rematada.-

As obras non se poderán iniciar sen presentar :

a) Proxecto de execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do Artigo 2 do Real Decreto 100/2010 de 5 de agosto sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde e sen obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.-

Dito Proxecto deberá incluír, as dimensións das prazas de aparcadoiro mínima que é de 2,20 x 4,50 metros segundo as Normas Subsidiarias de Planeamento vixentes do ano 1996, non cumprindo con este ancho as prazas sinaladas no Proxecto Basico presentado, polo que deberá reformularse este aspecto no mesmo.-

No proxecto básico non se xustifica ben a normativa de accesibilidade (fálase de normativa derogada e non se xustifica toda a normativa en vigor neste aspecto).-

b) Deberá formalizarse en documento público notarial a cesión gratuita de terreos nunha superficie de Cento dezaoitto metros cadrados (118,00 m2) antes do inicio das obras.-

c) Autorización da Axencia Galega de Infraestructuras para a realización das obras de conexións cos servizos públicos de saneamento e abastecemento; no proxecto de execución incluíránse con detalle as obras sinaladas no anexo de obra urbanizadora presentándose planos de detalle.-

d) Nomeamento de Director de Obra e Director de execución das obras, deberán xuntarse cando se presente para a autorización o proxecto de execución.-

e) Cando na execución da Obra interveña mais dunha Empresa ou unha Empresa e traballadores autónomos, o promotor antes do inicio dos traballos ou tan pronto como se constate dita circunstancia, designarase un Coordinador en materia de Seguridade e Saúde.-

En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora vixente dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- o EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA: 2 / 2017
- o DATA CONCESIÓN DA LICENZA: 2/03/2017
- o ORDENANZA DE APLICACIÓN: Ordenanza de Edificación Extensiva
- o PROMOTOR : ALBERGUE BELA FISTERRA S.L.
- o CONSTRUTOR: -----
- o DIRECTOR DE OBRA: -----
- o DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: -----
- o NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS:
- o USO: HOTELEIRO

O cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Oito mil seiscentos cincuenta e un euros con oitenta e cinco céntimos (8.651,85 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras resultante da liquidación practicada por parte da Arquitecta que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación en base á aplicación da

Ordenanza fiscal reguladora e do 2,2% sobre un Presuposto de execución de 393.266,02 €.

B) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais e

Observado erro de redacción dentro da acta da sesión celebrada por esta Xunta o día 26 de Xaneiro de 2017 sobre concesión de Licenza Urbanística a nome do promotor JUAN MIGUEL TRABA FERNÁNDEZ, e domicilio na Vila de Cee, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda proceder a súa modificación quedando como segue :

"Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada composta de Planta Baixa e primeira a emprazar nunha parcela con Referencia Catastral 8206109MH7580N0001BT, sita no Camiño de A Insua do Termo Municipal de Fisterra; debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico redactado polo Arquitecto, Xoán B. Alborés Tajés de data Outubro de 2016 que consta no expediente; condicionada a que:

-- En cumprimento do disposto na Orde do 3 de Setembro do 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificación da Comunidade Autónoma de Galicia e como condición necesaria antes da execución das obras da edificación en cuestión deberá proceder a inscribir no rexistro o certificado de eficiencia do Proxecto.

-- Deberá comunicar o inicio das obras ó Concello dentro do prazo de seis meses contados desde a data do outorgamento da licenza, xa que no caso de incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o disposto no Artigo 145 da Lei 21/2016 do 10 de Febreiro do Solo de Galicia.

-- O estudio xeotécnico débese acometer na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o que deberá acreditar antes ou simultaneamente á solicitude de primeira utilización da edificación.

-- Antes do inicio das obras deberá presentarse Proxecto de Execución en aplicación do Artigo 2 do Real Decreto 100/2010 de 5 de Agosto sobre visado colexial obrigatorio e Estudio de Seguridade e Saúde; en dito Proxecto o baño xeral deberá contar con unha preinstalación que permita a colocación dun bidé.

-- Deberá procederse á formalización en documento notarial a Cesión de Terreos nunha superficie de 62,00 metros cadrados que se corresponde con 4 metros medidos dende o eixo da vía a que da fronte; este terreo debe quedar explanado e coa rasante ao viario que está ao seu carón.

-- As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente:

O Anexo de obra urbanizadora no que terán que terse en conta os seguintes determinacións na que se teñen en conta as indicacións sinalas polas empresas que xestionan o mantemento das redes públicas de saneamento e abastecemento.

Rede abastecemento

Segundo a inspección realizada existe unha rede de polietileno en diámetro 75 mm a unha distancia de 7 metros aproximadamente.

As coordenadas do punto de conexión sobre son : X: 478064 e Y : 4750327.

Debe realizarse unha acometida de 25 mm e ceñirse ás indicacións das fichas que acompañan ao presente informe no referido á execución da conexión e do cadro de contador .

Instalación segundo ficha 1.-

Conexión Segundo figura número 3 (rede de distribución de polietileno. Acometidas de 25 a 63 mm) da Ficha 3.-

Detalle de pezas segundo ficha 3.-

Cadro de contador segundo ficha 10.-

Detalle de materiais segundo ficha 12.-

Rede saneamento:

Deberase seguir as directrices básicas para acometidas domiciliarias do informe de data 24 de xaneiro de 2017 que se acompaña ao presente informe.

Beirarrúas/pavimentación do fronte da parcela

Visto o desnivel existente deberáse de realizar un muro de contención fora da aliñación que deberá incluírse no Anexo de Obra urbanizadora realizado por técnico competente xa que o terreo de cesión debe quedar explanado e coa mesma rasante do vial ao que da fronte, deberáse incluír tamén como se vai a realizar o recheo de terras e o pavimento final.-

Dadas as características do contorno realizaráse cun Pavimento continuo de formigón armado de 12 como de espesor, realizado con formigón HMF-20/CR/F/20/Ila cun contido de fibras de reforzo sintéticas de 0,1 Hg/m³ e vertido con bomba, extendido e vibrado manual e malla electrosoldada ME 20 x 30 Diámetro 5-5 B 500 T, UNE-EN 10080; tratado superficialmente con Mezcla Enriquecemento superficial, formada por pigmento color gris Natural, áridos de cuarzo e aditivos, rendimento 3 Kg/m², con acabado fratasado mecánico pp. execución de xuntas de retracción/ dilatación aserradas cada 5 m en 1/3 de su espesor total cunha pendente dun 2%.

Ao tempo colocarase unha Rígola entre o pavimento de formigón e o de mezcla bituminosa formada por pezas de canaleta prefabricada de formigón bicapa, 8/10 x 30 x 50 cm sobre base de formigón non estrutural HNE-20/P/20 de 20 cm de espesor, vertido dende camiión, extendido e vibrado manual con regra vibrante de 3 m, con acabado maestreado e colocado sobre explanada con índice CBR 5 (California Bearing Ratio) e base granular de zahorra artificial. Dado o desnivel e co fin de garantir a seguridade da xente, incluírase un peche que cumpra coa normativa de aplicación.-

-- Unha vez presentado este anexo de obra urbanizadora será necesario a presentación dun aval bancario ou depósito na conta do Concello que garante a realización da urbanización.

Director de obra

Debe xuntarse o seu nomeamento cando se presente para a súa autorización o proxecto de execución.

Director de execución das obras:

Debe xuntarse o seu nomeamento cando se presente para a autorización o proxecto de execución.

Coordinador de seguridade e saúde:

Cando na execución da obra interveña máis dunha empresa ou unha empresa e traballadores autónomos, o promotor, antes do inicio dos traballos ou tan pronto como se constate dita circunstancia, designará un coordinador en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra.

-- En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora vixente dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra dispórase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA: 25/2016
- DATA CONCESIÓN DA LICENZA: 26/01/2016
- ORDENANZA DE APLICACIÓN: Extensiva
- PROMOTORES: Juan Miguel Traba Fernández
- CONSTRUTOR: -----
- DIRECTOR DE OBRA: -----
- DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: -----
- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: Planta Baixa e
Planta Primeira.
- USOS: Vivenda Unifamiliar Illada.

O cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de remate das obras non poderá exceder de tres anos, nin poderán interromperse as obras por un prazo superior de seis meses, comezándose a computar a partir do día seguinte ó de recibo desta notificación.

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de SOLEDAD VILELA ROMERO, veciña de Fisterra e domicilio nesta Vila, (RE 484 de 17/02/2017) para proceder á substitución de porta de acceso por outra nova de PVC nunha vivenda (Parcela Catastral 8610907MH7581S0001UU),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 1 de Marzo de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

Este acordo adóptase sen a presenza da interesada, Tenente de Alcalde desta Corporación.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA DEL CARMEN SANTOS INSUA, veciña de Fisterra, (RE 2.893 de 13/09/2016) para proceder á construción dun baño na primeira planta dunha vivenda (Parcela Catastral 8710214MH7581S0001UU),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 1 de Marzo de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

B) A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda rectificar ó erro de omisión observado na Licenza Urbanística outorgada en sesión do 21 de Xaneiro de 2016 en favor de LUCAS KARIM

RAZGALLAH, veciño de Cee, para proceder á Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada composta de Soto, Planta Baixa e Planta Alta, a emprazar na localidade de Padrís do Termo Municipal de Fisterra, en base ó Proxecto Básico e Anexo redactados polo Arquitecto Manuel Ángel Marcote Escariz, que consta no expediente; no sentido de que a mesma **queda condicionada a formalizar en documento notarial a Cesión gratuíta dos terreos que constan no plano a01 do citado proxecto adxunto e nunha superficie de 52,45 metros cadrados.**

3º.- Sentenza firme do Xulgado Contencioso Administrativo número 3.-

Dada conta da **Sentenza firme** ditada polo **Xulgado do Contencioso Administrativo número 3** de A Coruña de data 10 de Febreiro de 2017 surxida como consecuencia de PA Procedemento Abreviado 0000192/2016 que estima o recurso contencioso-administrativo interposto no seu día por parte de José Luis Briongos Valdesogo sobre indemnización en concepto de responsabilidade patrimonial pola caída sufrida nun terreo anexo a rúa Alcalde Fernández da Vila de Fisterra,

Unha vez examinada a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes, **acorda :**

1) Proceder á execución de dita **Sentenza** baixo número 27/2017 dictada polo Xulgado antes mencionado e no seu contido integro.-

2) Aprobar o gasto e o recoñecemento de obriga a favor do Xulgado do Contencioso Administrativo 3 polo importe total de Catorce mil novecentos corenta e cinco euros con noventa e un céntimos (14.945,91 €) segundo se desprende da liquidación efectuada por Secretaria-Intervención incluído o cálculo dos intereses legais devengados dende a data da reclamación na vía administrativa - 26 Outubro 2015 - ata o día 10 de Febreiro de 2017 con cargo a Partida 920.226.04 do Presuposto Ordinario actualmente prorrogado para o ano 2017.-

3) Notificar dito acordo ao Xulgado Contencioso Administrativo referenciado e a representación letrada que defendeu dito asunto ante os Tribunais .-

4º.- Expediente Plan Provincial de Medio Ambiente 2016.--

Á vista da **Resolución** dictada pola **Excma Diputación Provincial** sobre aprobación definitiva de Obra incluída no Plan de Medio Ambiente (1ª Fase) e unha vez examinada, a Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldía, en virtude das facultades conferidas pola **Disposición adicional segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público** por unanimidade dos asistentes **acorda :**

1º.- **Adxudicar mediante contrato menor a obra denominada " REFORZO DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA NA AVENIDA DA ANCHOA -**

FISTERRA “ á Empresa AGUAS POTABLES CORCUBION - CEE S.L., con CIF B15083777 e domicilio social na Praza Castelao, 12 de CORCUBION (CP 15270) polo importe de Quince mil oitocentos cincuenta e cinco euros (15.855,00 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Tres mil trescentos vinte e nove euros con cincuenta e cinco céntimos (3.329,55 €) ; todo elo de conformidade co disposto nos Artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.--

A execución das obras por parte da Empresa Adjudicataria deberán axustarse ó Proxecto redactado pola Arquitecta que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación de data 22 de Novembro de 2016 e na súa totalidade as condicións impostas polo Servizo Provincial de Estradas de Galicia na Autorización dada con data 5 de Decembro de 2016 (Número IF205Z 2016/000030-1) que constan no expediente, dándosele traslado á mesma .--

2º.- Notificar dito acordo á citada Empresa para que dentro do prazo de Dez días hábiles (10) contados a partires do seguinte ó recibo da notificación, presente nas oficinas municipais o xustificante acreditativo de ter ingresado en favor da Xefatura de Estradas da Xunta de Galicia unha fianza polo importe de Nove mil catrocentos cincuenta euros (9.450,00 €) .-

A formalización da Acta de Reprantexo das Obras efectúarase o día 4 de Abril de 2017 ás 12 horas.-

3º.- Designar como Directora de Obra e Coordinadora de Seguridade e Saúde á Arquitecta, Carolina Cajide Barbeito do Departamento Municipal de Urbanismo ao tratarse dunha Obra de carácter municipal.-

4º.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para no nome desta Corporación proceda a asinar todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

5º.- Asuntos varios.-

ADXUDICACIÓN CONTRATO PRESTACIÓN DE SERVICIOS

Vista a necesidade de contar cun servizo de visitas guiadas dentro do Museo da Pesca sito nun Inmoble Cedido gratuitamente pola Confradía de Pescadores para esa finalidade por un periodo de cinco anos e que foi aceptada polo Pleno da Corporación municipal na sesión celebrada o día 14 de Xullo de 2016 con formalización en escritura de cesión de uso temporal entre ambas partes ante el Notario de Corcubión el día 26 de Xullo de 2016,

Non dispoñendo de persoal técnico especializado nesta materia específica que poida levar a cabo este servizo e á vista das limitacions

impostas polas Leis presopostarias vixentes relativas a contratación de novo persoal,

A Xunta de Goberno local, considerando que é necesario e idóneo para cumprir aso fins e intereses municipais nos termos establecidos no Artigo 22 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de Novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Adxudicar mediante Contrato menor a prestación deste servizo en favor do Empresario Francisco Manuel López Martínez, e domicilio na vila de Fisterra (CP 15155) nunha cuantía de Quince mil euros (15.000,00 €) e Tres mil cento cincuenta euros (3.150,00 €) do Imposto sobre o Valor Engadido polo periodo de UN ANO contado a partir do día seguinte a notificación deste acordo , sen que exista posibilidade de prórroga.-

2) Os traballos a realizar quedan condicionados ás normas que se dicten por esta Corporación debéndose presentar polo adxudicatario unha Memoria determinativa sobre a forma de levar este Servizo, modelo de visitas, horario de atención etc.-

En especial o adxudicatario estará obrigado a maior confidencialidade e segredo no que se refire á información e datos que o Concello de Fisterra lle poida subministrar ben de forma escrita, oral, gráfica, electrónica ou calquer outra para o desenvolvemento dos traballos obxecto do contrato.-

Dita información non poderá ser divulgada nin entregada a terceiras persoas salvo aquelas que teñan asinada unha vinculación de confidencialidade co Concello.-

3) Os pagos efectuaránse ao adxudicatario de maneira mensual a través de transferencia bancaria en favor da Conta Bancaria que sinale e unha vez sexa presentada a correspondente Factura que será aprobada polo órgano competente.-

O Adxudicatario sométese os preceptos da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto 781/86 de 18 de abril, Real Decreto Lexislativo 3 / 2011 de 14 de Novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público así como demais disposicións que regulan análogas contratacións da Administración Xeral do Estado.

APERTURAS

COMUNICACIÓN PREVIA - TRANSMISIÓN DE LICENZAS

A) Visto o expediente iniciado co número 345 (RE) de 1/2/2017 por **María Elisa Quinteiro Blanco**, domicilio nesta vila, no que solicita a transmisión ao seu

favor da licenza de apertura de “lavandería” que se localiza no baixo da edificación da rúa Arasolis, desta vila.

CONSIDERANDO: Que o pasado 23/7/2015 a Xunta de Goberno Local concedíulle a Felipe Bermúdez Valiña licenza definitiva de apertura de “lavandería” que se localiza no baixo da edificación da rúa Arasolis, desta vila.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Felipe Bermúdez Valiña e por María Elisa Quintero Blanco.

Por todo iso, a **Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:**

1º) Acceder ao solicitado pola interesada e conceder acordo de eficacia á comunicación previa presentada por María Elisa Quintero Blanco para o inicio da actividade de “lavandería” que se localiza no baixo da edificación da rúa Arasolis, desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

VENDA AMBULANTE

- RENOVACION ANUAL 2017 (1º TURNO)

Vistos os expedientes individuais iniciados coa finalidade de renovar os postos que se ocupan na venda ambulante deste concello para o ano 2017, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polas persoas interesadas e conceder autorización para realizar a venda ambulante neste concello durante o ano 2017, ás persoas que de seguido se indican:

NUM/ MTS	INTERESADO DNI/CIF/NIE	DOMICILIO	ACTIVIDADE
2 6 MTS	SOUTIÑO PEREZ, Carmen	Caldas de Reis	663.1 ALIMENTACIÓN
4 4 MTS	SATZLER, Klaus Willi	Arteixo	663.1 ALIMENTACIÓN
9 6 MTS	ESCUADERO DURILLO, Mónica ECONOMIC MARKETS S. COOP. ASTUR	Santiago	663.2 TEXTIL
10 4 MTS	AMADO BOTANA, Mª. Soledad	Carballo	663.1 ALIMENTACIÓN
11 12 MTS	VARELA SUAREZ, José Manuel	Coristanco	663.2 TEXTIL
17 12 MTS	LEMA BOQUETE, José Manuel	Cee	663.9 MERCANCIAS
19 12 MTS	VILA BLANCO, Mª. Belén	Dumbria	663.1 ALIMENTACIÓN
21 8 MTS	BLANCO LEMA, José	Arteixo	663.2 TEXTIL

22 10 MTS	LEKBAB LEKBAB, Bachir	Arteixo	663.2 TEXTIL
26 8 MTS	TUÑEZ CASTRO, José	Cee	663.2 TEXTIL
27 7 MTS	GONZALEZ PEREZ, Manuel	Santiago	663.2 TEXTIL
29 8 MTS	SANTOS CASTIÑEIRA, Isabel	Corcubión	663.1 ALIMENTACIÓN
34 8 MTS	FERNANDEZ FERNANDEZ, Ramón	Santiago	663.2 TEXTIL
36 6 MTS	OZORES LAGO, Lourdes	Vilanova de Arousa	663.2 TEXTIL
37 16 MTS	RAMOS ANTELO, Salustiano	Camariñas	663.2 TEXTIL
40 18 mts	CARREIRA GALLEGRO, José Luis	Fisterra	663.2 TEXTIL
46 12 MTS	SMOUKI, Laila	Camariñas	663.2 TEXTIL
49 10 MTS	SMOUKI, Laila	Camariñas	663.2 TEXTIL

2º) Notificar este acodo ás persoas interesadas para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poidan interpoñer.

BAIXAS - ANO 2017

A) A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Dar de baixa no posto para realizar a Venda Ambulante nesta vila para o ano 2017, as persoas que de seguido se indican:

NUM MTS	INTERESADO DNI/CIF/NIE	DOMICILIO	ACTIVIDADE
7 6 MTS	FABIAN GONZALEZ, Juan Ramón	Santa Comba	663.2 TEXTIL
13 8 MTS	CANOSA ALVITE, Guillermina	Muxía	663.2 TEXTIL
25 7 MTS	CUNDINS MENDEZ, Juan Antonio	Laxe	651,6 CALZADO
32 10 MTS	VAZQUEZ GONZALEZ, Jesús	Boiro	663.2 TEXTIL

2º) Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

ALTAS - ANO 2017

A) A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Dar de alta no posto para realizar a Venda Ambulante nesta vila para o ano 2017, as persoas que de seguido se indican:

NUM MTS	INTERESADO DNI/CIF/NIE	DOMICILIO	ACTIVIDADE
13 8 MTS	LEMSAHRI MAJDAOUI, Khliifa	Arteixo	663.2 TEXTIL
25 7 MTS	BOURTAL BOURTAL, Abdelazize	Arteixo	663.2 TEXTIL
32 10 MTS	LEMA MARTINEZ, Mª. Rosa	Camariñas	663.2 TEXTIL

2º) Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

LISTA DE ESPERA

A) Vista a solicitude presentada co número 3902 (RE) de 13/12/2016 por **José Antonio Caamaño Abelenda**, e domicilio en A Laracha (C.P.: 15.145), na que solicita un posto na venda ambulante para adicarse a venda de produtos de panadería.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Incluílo na lista de espera da venda ambulante co número 82, para adicarse á venda de produtos de panadería.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

AXUDAS ECONÓMICAS

- Visto o Informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a **J. M. L. H.** veciño de Fisterra, , unha axuda por importe de Cento vinte euros (120,00 €) para adquisición de Billetes (Seis viaxes) co motivo do seu traslado a UAD de Carballo para o seu tratamento, por tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais desta Corporación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a **M.L.S.**, veciña de Fisterra, , unha axuda por importe de Trescentos euros (300,00 €) para financiar gastos de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder ó **Colexio Nuestra Señora del Carmen de Fisterra**, con CIF R1500231D e domicilio social na Rúa Virxe das Areas, 2 desta Vila, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300,00 €) para sufragar parte dos gastos que se ocasionen co motivo da Excursión de Fin de Cusro a realizar polos Alumnos de 4º de ESO durante o ano 2017 a Tenerife os días 29 de Marzo ao 2 de Abril de 2017, debendo presentar Memoria Xustificativa dos gastos efectuados.-

Subvención á Excma Diputación 2017

Una vez examinadas ás Bases reguladoras do Programa de Subvencións a Concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na Provincia da Coruña durante o ano 2017 publicada pola Excma Diputación provincial no Boletín Oficial da Provincia número 14 de data 20 de Xaneiro de 2017,

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Aprobar a Memoria explicativa redactada ao efecto para levar a cabo a I Festival Internacional de Blues de Fisterra cun presuposto total Trece mil novecentos cincuenta euros (13.950,00 €) durante o ano 2017 que consta no expediente.-

2) Solicitar da Excma Diputación Provincial unha Subvención para dita finalidade por importe de Nove mil setecentos sesenta e cinco euros (9.765,00 €) equivalente o 70% .--

2º.- Compromiso firme de aportación municipal polo importe de Catro mil cento oitenta e cinco euros (4.185,00 €) asi como de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información que do desenvolvemento das actividades realice este Concello.

3º.- Que o Concello está ó corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e coa Deputación.-

4º.- Que Si se autoriza á Excma Deputación Provincial a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acrediten que o Concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.-

5º.- Remitir certificación deste acordo á Excma. Deputación Provincial xunto coa documentación sinalada na Cláusula 7ª da Convocatoria.-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 21:30 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.